

Ós indicados efectos fanse constar os seguintes extremos:

Emprazamento: Solo rústico de protección de espazos naturais, e núcleo de Cortes; uso: Renovación da rede de captación de auga para o abastecemento do depósito de Seceda e pavimentación de viais no núcleo de Cortes. Altura e ocupación: Non procede.

A documentación completa do antedito expediente poderáse consultar na Secretaría do Concello (Casa do Concello de Folgoso do Courel, rúa Deputación s/n, Folgoso do Courel, Lugo) en días hábiles de luns a venres de 8:00 a 15:00 horas.

Folgoso do Courel, 31 de maio do 2010.- A Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 03107

### A FONSAGRADA

De conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local de data 11 de maio de 2010, pola que se aproban as bases que rexerán a convocatoria para a provisión con carácter de interinidade, de UNHA PRAZA DE ARQUITECTO TÉCNICO, polo procedemento selectivo de concurso; procédese a expoñer ao público, as referidas bases e convocatoria que a continuación se transcriben, para o seu coñecemento e efectos públicos:

**BASES PARA A COBERTURA CON CARÁCTER DE INTERINIDADE DA PRAZA DE ARQUITECTO TÉCNICO MEDIANTE O PROCEDUREMTO DE CONCURSO.**

#### 1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto da presente convocatoria a provisión, polo sistema de concurso de méritos e mediante contratación laboral, dun posto de traballo de arquitecto técnico municipal, para cubrir a vacante por excedencia do seu titular con dereito de reserva do seu posto de traballo.

#### 2.- TIPO DE CONTRATO DE TRABALLO, TAREFAS E INCOMPATIBILIDADES.

O aspirante que resulte seleccionado para ocupar o posto de traballo a que se refiren as presentes bases, será contratado con carácter de interino, cubrindo a vacante actual e ata tanto en canto esta sexa cuberta polo seu titular ou por outra persoa, unha vez efectuado o procedemento de selección correspondente, ou se amortice a praza, tendo polo tanto as funcións, tarefas, cometidos e incompatibilidades do posto principal.

#### 3.- PROCEDUREMTO DE SELECCIÓN.

O procedemento de selección dos aspirantes será o de concurso.

#### 4.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

4.1.- Para participar no proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

c) Ter cumpridos 16 anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Estar en posesión do título de arquitecto técnico ou aparellador, ou estar en condición de obtelo na data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes. Os aspirantes que aleguen estudos equivalentes aos esixidos, terán que citar a disposición legal en que se recoñeza tal equivalencia ou, no seu caso, aportar certificación, expedida en tal sentido, polo organismo competente en materia de homologación de títulos académicos, que acredite a citada equivalencia.

f) Aboar por dereitos de exame a contía de 20 euros. O aboamento poderase facer mediante transferencia bancaria na conta número 2091-0118-03-311000028 de Caixa Galicia ou mediante xiro postal dirixido á Tesourería desta Entidade.

4.2.- Todos os requisitos deberán reunilos os aspirantes na data na que finalice o prazo de presentación de instancias desta convocatoria.

#### 5.- RETRIBUCIÓN.

Son as establecidas para o dito posto de traballo. As retribucións iniciais do candidato co que se formalice o respectivo contrato de traballo ascenderán á contía bruta anual de 16.395,12 € distribuídas en catorce pagas.

#### 6.- XORNADA LABORAL.

A xornada de traballo será a tempo parcial, de acordo co cadro de persoal laboral do Concello da Fonsagrada.

#### 7.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

7.1.- As presentes bases serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios do Concello.

7.2.- As instancias solicitando tomar parte na convocatoria, serán presentadas conforme ao modelo oficial reflectido no anexo I, no Rexistro Xeral da Corporación, sito na rúa Burón, Nº 12, durante o prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte a aquel no que apareza o anuncio desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, en horario de 9:00 a 14:00 horas.

As instancias tamén poderán presentarse en calquera das formas que determinan os artigos 70 e 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e o Procedemento Administrativo Común. Quenes opten pola presentación en lugar distinto das Oficinas de Rexistro Xeral do Concello da Fonsagrada deberán comunicalo mediante fax (982340001) ou telegrama.

7.3.- Ás solicitudes deberán acompañarse os seguintes documentos:

a. Instancia solicitando a participación no concurso convocado polo Concello conforme ao anexo I destas bases.

b. Fotocopia compulsada do DNI ou documentación acreditativa suficiente se non ten nacionalidade española.

c. Fotocopia compulsada do título universitario.

d. Currículum vitae.

e. Certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social no caso de alegar experiencia profesional.

f. Certificado, no seu caso, expedido pola Administración Pública ou empresa privada na que se teñan prestado servizos.

g. Documentos debidamente compulsados que acrediten os méritos alegados en formación e cursos.

h. Xustificante de ter aboado na Caixa Municipal ou conta bancaria, a cantidade que, en concepto de dereitos de exame, se fixa en 20 euros. En ningún caso a presentación e pago supoñerá substitución do trámite de presentación da solicitude, resultando motivo de exclusión non subsanable. A non presentación do xustificante determinará a exclusión do aspirante.

i. Documento xustificativo, orixinal ou fotocopia debidamente compulsada, de estar posesión do título do curso de perfeccionamento de galego, Celga 4, ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística, para os efectos da exención do exercicio de coñecemento do galego.

7.4.- Os erros de feito que puideran advertirse poderán ser subsanados en calquera momento, de oficio ou a instancia de parte.

7.5.- Os aspirantes quedan vinculados aos datos que teñan feito constar nas súas solicitudes, podendo demandar a súa modificación mediante escrito motivado, dentro do prazo de presentación de solicitudes, e transcorrido este non se admitirá ningunha petición desta natureza.

7.6.- Unicamente se valorarán os méritos acreditados dentro do prazo de presentación de instancias.

#### 8.- RELACIÓN DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS.

8.1.- Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución comprensiva de:

a) A aprobación da lista de admitidos e, no seu caso, excluídos.

b) A designación do Tribunal cualificador e a data da súa constitución.

c) A data, hora e lugar en que se realizará a proba en galego e a valoración dos méritos.

Nesta resolución, que será publicada no taboleiro de anuncios, indícase, se procede, o tipo de defecto polo que se exclúe a cada aspirante, establecéndose un prazo para a subsanación dos subsanables, con expresa

advertencia da caducidade deste dereito polo transcurso de tal prazo sen efectuar aquela.

Non obstante o anterior, se en calquera momento posterior a esta resolución, incluso durante a celebración das probas, o Tribunal advertise inexactitude ou falsidade na solicitude ou documentación anexa de calquera aspirante, que constituíse causa de exclusión, esta considerárase sempre insubsanable e o Tribunal propoñerá á Alcaldía que resolva a exclusión.

8.2.- Transcorrido o prazo de subsanación, as reclamacións, se as houbera, serán aceptadas ou rechazadas mediante resolución pública de Alcaldía, no taboleiro de anuncios, aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos. No caso de non haber excluídos ou de non presentarse reclamacións en prazo, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

8.3.- Contra esta Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse potestativamente, recurso de reposición, diante do Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á súa publicación ou ben, recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á citada publicación.

#### 9.- VALORACIÓN DOS MÉRITOS.

9.1.- Os aspirantes admitidos que non presentasen o título do curso de perfeccionamento de Galego, Celga 4 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística deberá facer un exercicio previo de carácter eliminatorio, que constará de dúas partes:

- Primeira parte: Que consistirá na tradución dun texto de castelán a galego, elixido por sorteo de entre tres textos propostos pola Comisión de Selección.

- Segunda parte: Que consistirá na tradución dun texto de galego a castelán, elixido por sorteo de entre tres textos propostos pola Comisión de Selección.

O tempo máximo para a realización do exercicio será de unha hora.

Este exercicio calificarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter a calificación de apto, correspondéndolle á Comisión de Selección determinar o nivel de coñecemento esixidos para alcanzar o resultado de apto.

9.2.- Para o proceso de selección, que constará dunha única fase, e unha valoración máxima de 10 puntos, o Tribunal terá en conta os méritos alegados e acreditados, de acordo co seguinte baremo:

#### A.- EXPERIENCIA PROFESIONAL (MÁXIMO 5 PUNTOS).

- Por cada mes completo, ou fracción superior a quince días, de servizos prestados en entidade local, en praza igual ou superior á que se opta, acreditado mediante a correspondente certificación expedida polo organismo ou ente público competente. Puntuación: 0,15 puntos.

- Por cada mes completo, ou fracción superior a quince días, de servizos prestados no resto das Administracións Públicas, en praza igual ou superior á que se

opta, acreditado mediante a correspondente certificación expedida polo organismo ou ente público competente. Puntuación: 0,10 puntos.

- Por cada mes completo, ou fracción superior a 15 días, de servizos prestados en empresa pública ou privada en posto igual ao que se opta, que deberán ser suficientemente acreditados a través de certificado de cotización á Seguridade Social (vida laboral) e contratos ou certificación acreditativa. Puntuación: 0,05 puntos.

- Tratándose de contrato de traballo a tempo parcial ou traballo fixo discontinuo, a puntuación computarase proporcionalmente ao tempo realmente traballado, a razón do número de días cotizados que figuren no certificado de vida laboral.

- A máxima puntuación a obter neste apartado é de 5 PUNTOS.

#### B.- CURSOS DE FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO (MÁXIMO 3 PUNTOS).

Por formación impartida ou recibida en cursos e seminarios, congresos e xornadas sempre que se atopen directamente relacionados coas tarefas a desenvolver e que foran realizados por Administracións, Corporacións ou Institucións de carácter público, incluso os organizados por colexios profesionais, organizacións sindicais e entidades privadas homologadas a tal efecto polas Administracións Públicas; acreditada mediante o título oficialmente expedido ou, no seu caso, certificación expedida polo organismo competente, en ambos casos con especificación de horas:

- De 15 a 39 horas de duración: 0,10 puntos.
- De 40 a 69 horas de duración: 0,20 puntos.
- De 70 a 99 horas de duración: 0,25 puntos.
- De 100 a 199 horas de duración: 0,45 puntos.
- De 200 horas en adelante: 0,75 puntos.

Os cursos de menos de 15 horas de duración ou sen especificación de horas puntuaranse a razón de 0,05 puntos por curso.

A puntuación máxima a outorgar neste apartado é de 3 PUNTOS.

#### C. EJERCICIOS APROBADOS (MÁXIMO 1 PUNTO).

En oposicións para prazas iguais ou semellantes á que se opta, nos últimos 5 anos previos á data de publicación da convocatoria, acreditado mediante certificación expedida polo organismo competente:

- Por cada exercicio aprobado, a razón de 0,50 puntos.

Neste apartado a puntuación máxima a outorgar é de 1 PUNTO.

#### D.- FORMACIÓN ACADÉMICA (MÁXIMO 1 PUNTO).

Pola posesión de titulación superior (licenciatura, doutorado ou postgrao) distinta á esixida para participar nas probas selectivas e directamente relacionada coas

funcións a desempeñar (independentemente do número delas que se posúan), 1 punto.

Neste apartado a puntuación máxima será de 1 PUNTO.

#### 10.- Tribunal CUALIFICADOR.

10.1.- O Tribunal cualificador estará composto por un Presidente, un Secretario e catro vogais, funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo, que actuarán a título individual, non podendo ostentarse a súa pertencencia en representación ou por conta de ninguén, e respectándose a paridade entre muller e home.

Os membros do Tribunal, que serán nomeados cos seus respectivos suplentes, posuirán titulación ou especialización de grao igual ou superior ao esixido para acceder ao posto.

10.2.- Para a válida constitución e actuación do Tribunal requirirase a asistencia da metade máis un dos seus membros, sexan titulares ou suplentes, e sempre a do Presidente e Secretario.

Os acordos serán adoptados pola maioría dos asistentes con voz e voto, dirimindo os empates o voto de calidade do presidente.

O Secretario actuará con voz pero sen voto.

O Tribunal está facultado para interpretar e resolver as cuestións que poidan suscitarse na aplicación das normas de procedemento, inspirándose a súa actuación nos principios de economía, celeridade e eficacia.

Ao Presidente lle incumbirá velar polo cumprimento da legalidade material e formal nas actuacións do Tribunal, para cuxa misión contará co preceptivo asesoramento do Secretario. Este deberá dar conta de inmediato á Autoridade convocante de calquera acto que, pese a ser advertido de ilegalidade, se adoptase polo Tribunal en contravención das normas aplicables.

#### 11.- PUBLICACIÓN DOS RESULTADOS.

11.1.- O Tribunal publicará no taboleiro de anuncios a puntuación total do proceso selectivo.

A puntuación total determinará a orde de clasificación definitiva e, polo tanto, a proposta do Tribunal a favor do aspirante que maior puntuación final obtivera por dita orde, non podéndose declarar que superou a selección un número de aspirantes superior ao da praza convocada.

En caso de empate, a orde se establecerá atendendo a puntuación obtida segundo a orde establecida na base 9.2; en último caso recurrirase ao sistema de sorteo público.

Formarase unha lista de emprego de aspirantes de reserva de acordo coa puntuación obtida, para cubrir as posibles baixas xurdidas durante o período de contratación.

11.2.- O aspirante proposto polo Tribunal deberá presentar no Concello da Fonsagrada, dentro do prazo de dez días naturais a contar desde a notificación, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos nestas bases.

Se dentro de dito prazo ou, no seu caso, do da prórroga solicitada e concedida por causas de forza maior libremente apreciada, non presentara a documentación, quedará automaticamente decaído do seu dereito, non podendo proceder ao seu nomeamento.

Se da comprobación da documentación se observa inexactitude ou falsidade resolverase a exclusión do proceso selectivo en calquera momento do mesmo, decaído o interesado nos dereitos e intereses lexítimos relativos ao seu nomeamento, sen prexuízo da responsabilidade en que podera incorrer por falsidade na súa solicitude de participación no proceso selectivo.

No caso de renuncia ou calquera outra causa lexítima que impida o nomeamento do aspirante proposto, o Tribunal quedará autorizado para propoñer ao aspirante segundo a orde de puntuación, de maneira que poida propoñerse ao seguinte con máis puntuación.

## 12.- NOMEAMENTO E SINATURA DO CONTRATO DE TRABAJO.

Pola Alcaldía efectuarase o nomeamento do aspirante proposto polo Tribunal, unha vez acreditados os requisitos sinalados nas bases, debendo asinarse o contrato de traballo no prazo de dous días hábiles dende o nomeamento.

## 13.- RÉXIME DE INCOMPATIBILIDADES.

Son incompatibilidades do cargo as comprendidas no artigo 1 e seguintes da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades de Persoal ao servizo das Administracións Públicas.

### ANEXO I: MODELO DE INSTANCIA.

SOLICITUDE PARA A COBERTURA CON CARÁCTER DE INTERINIDADE DA PRAZA DE ARQUITECTO TÉCNICO MEDIANTE O PROCEDIMENTO DE CONCURSO.

Don/dona..., veciño/a de....., con DNI (ou pasaporte) número..., con domicilio a efectos de notificación en ....., código postal..., teléfono/s número ...

#### EXPÓN:

1. Que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases que rexen a convocatoria, acompañando a esta solicitude os documentos esixidos nas citadas bases.

2. Que se compromete, caso de ser seleccionado, a aportar os documentos acreditativos de reunir as condicións establecidas nas bases.

Polo exposto,

#### SOLICITO

Ser admitido/a á convocatoria pública para a provisión con carácter de interinidade, mediante concurso, da praza indicada.

Adxúntase á presente solicitude:

- Fotocopia compulsada do DNI ou documentación acreditativa suficiente se non ten nacionalidade española.
- Fotocopia compulsada do Título Universitario.
- Documento xustificativo do pago dos dereitos de exame.

- Documento xustificativo, orixinal ou fotocopia debidamente compulsada, de estar en posesión do título do curso de perfeccionamento de galego, Celga 4, ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística.

- Documentos acreditativos dos méritos a ter en conta na fase de concurso (orixinais ou fotocopias compulsadas)

..., ... de ... de 20...

Asdo: ..

En A Fonsagrada, a 14 de maio de 2010.- O Alcalde, Argelio Fernández Queipo.

R. 03071

## MONDOÑEDO

### ORDENANZA REGULADORA

Elevándose a definitivo o acordó adoptado polo Pleno da Corporación, en sesión celebrada o día 25 de marzo do 2010, da aprobación da modificación da ordenanza reguladora das axudas á rehabilitación da vivenda do Concello e de conformidade co disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, reguladora das Facendas Locais publicase o texto definitivo integro da citada ordenanza aprobada, para a súa entrada en vigor.

#### ARTIGO 1º: ÁMBITO.

As vivendas e edificios de vivendas do Área de Rehabilitación declarada de Mondoñedo, que engloba o centro histórico, e barrios históricos de Os Muiños e San Lázaro, xunto coas marxes do río Valiñadares no tramo que une estos dous barrios, serán obxecto de axudas todas as obras de rehabilitación.

#### ARTIGO 2º: BENEFICIARIOS.

Poderán solicitar estas axudas:

- Os propietarios e usufructuarios de vivendas ou edificios destinados a vivendas.

- Os inquilinos de vivendas ou edificios de vivendas que teñan autorización da propiedade para acometer obras na vivenda ou edificio que ocupan como arrendatarios.

- As comunidades de propietarios ou veciños con capacidade legal para decidir obras nos edificios ou vivendas.

#### ARTIGO 3º: TIPOLOXÍA DAS ACTUACIÓNS.

As axudas previstas neste Plan de Rehabilitación, dirixiranse a subvencionar a rehabilitación das vivendas para mellorar a calidade de vida e as condicións de habitabilidade, como tamén todas aquelas encamiñadas a salvagarda-lo patrimonio edificado.

Nota: Os tipos de obras englobaranse dentro dos diferentes apartados do anexo, ademais de acollerse ós criterios técnicos establecidos no artigo 9 de esta ordenanza.

#### ARTIGO 4º: CARACTERÍSTICAS DAS AXUDAS.

4.1. Axudas sobre o importe da execución das obras.